



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD75PRO01

Programación de Acompañamento

(4º, 5º e 6º de Grao Profesional)

CURSO 2020-2021

ÍNDICE

1. Introducción	4
1.1.Xeneralidades	4
1.2.Apropósito do piano	4
2. Metodoloxía	5
2.1.Modificacións debidas ao COVID 19	5
2.2.Recuperación dos contidos que deixaron de darse no curso anterior	7
3. Atención á diversidade	7
4.Temas transversais	8
4.1. Educación en valores	8
4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	9
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	10
6. Organización do 4º curso do Grao Profesional	11
6.1.Materias imprescindibles que os alumnos deben coñecer	11
6.2.Avaliación inicial e clases de reforzo	11
6.3.Obxectivos	11
6.4.Contidos	12
6.5.Avaliación	14
6.5.1.Criterios de avaliación	14
6.5.2.Mínimos esixibles	16
6.5.3. Procedementos e ferramentas de avaliación	16
6.5.4.Criterios de cualificación	17
6.5.5.Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	17
6.6. Medidas de recuperación	17
6.6.1.Procedementos de recuperación ordinarios	18
6.6.2.Probas extraordinarias de setembro	18
6.7. Recursos didácticos	20
7. Organización do 5º curso do Grao Profesional	21
7.1.Materias imprescindibles que os alumnos deben coñecer	21
7.2.Avaliación inicial e clases de reforzo	21
7.3.Obxectivos	22
7.4.Contidos	22
7.5.Avaliación	25

7.5.1.Criterios de avaliación -----	25
7.5.2.Mínimos esixibles -----	27
7.5.3. Procedementos e ferramentas de avaliación -----	27
7.5.4.Criterios de cualificación -----	28
7.5.5.Criterios para a concesión de ampliación de matrícula -----	28
7.6. Medidas de recuperación -----	29
7.6.1.Procedementos de recuperación ordinarios -----	29
7.6.2.Probas extraordinarias de setembro -----	29
7.7. Recursos didácticos -----	32
8.Organización do 6º curso do Grao Profesional -----	33
8.1.Materias imprescindibles que os alumnos deben coñecer -----	33
8.2.Avaliación inicial e clases de reforzo -----	33
8.3.Obxectivos -----	34
8.4.Contidos -----	34
8.5.Avaliación -----	37
8.5.1.Criterios de avaliación -----	37
8.5.2.Mínimos esixibles -----	39
8.5.3. Procedementos e ferramentas de avaliación -----	39
8.5.4.Criterios de cualificación -----	40
8.6. Medidas de recuperación -----	40
8.6.1.Procedementos de recuperación ordinarios -----	41
8.6.2.Probas extraordinarias de setembro -----	41
8.7. Recursos didácticos -----	44
9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica -	44
10. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento -----	45
ANEXOS -----	46
Probas de acceso 5º de Grao Profesional -----	46
Probas de acceso 6º de Grao Profesional -----	48

1.Introdución

1.1.Xeneralidades

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir unha cualificación dos futuros profesionais da música.

A citada lei, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das Ensinanzas Profesionais de música, dentro das Ensinanzas Artísticas.

O Grao Profesional ten como fins os arriba citados e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

A presente programación de concreción á devandita lei a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros de traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

1.2.A propósito do piano

Nos catorce anos que un alumno de piano pasa nun Conservatorio Profesional, ten outros tantos de clase de instrumento e dous máis de Música de Cámara.

Nesas dúas materias, o alumno fai basicamente dúas cousas: aprender a técnica do instrumento e interpretar obras escritas por outros.

Dedica a isto, por expresalo así, o equivalente a 16 anos de ensino, en canto a número de horas se refire.

Pero o piano, o piano en concreto, serve para outras moitas cousas. E aprendelas seralle de grande axuda na aprendizaxe de diversas disciplinas musicais e na consecución de saídas profesionais.

É paradoxal que ao aspecto da súa aprendizaxe ao que máis tempo e esforzos

destina un estudante de piano (a interpretación de obras doutros), non se dedica despois, practicamente ninguén.

Estas razóns explican o porqué a presente Programación, atende a facetas do ensino musical non contempladas (ou contempladas moi parcialmente) nas outras materias instrumentais, e intenta encher ese espazo, que completará a preparación dos alumnos de piano.

2. Metodoloxía

As clases impartiranse en grupos de tres mesmo de dous se o número de alumnos matriculados o esixise, pero nunca de máis de tres. A razón de traballar con número tan reducido é que iso permite facer traballo de grupo e á vez atender individualmente cada alumno. A clase en grupo é enriquecedora ao nutrirse cada alumno das ideas dos demais e o número reducido, ademais de permitir a atención individual, axuda a impedir que algún alumno con carencias quede demorado con respecto aos outros. Esta estrutura das clases unida ao feito de que na aula en que se imparten se dispón de número abondo de teclados, fai que os alumnos estean continuamente ao piano permitindo con iso que calquera concepto teórico se leve á práctica de inmediato e impedindo as distraccións tan comúns en grupos máis grandes. Debido a isto, todas as cuestións teóricas que se sinalan nos Contidos, enténdese que serán realizadas, non sobre o papel se non directamente no piano e como norma xeral, non se tratarán asuntos teóricos que non vaian ser levados á práctica durante o curso.

2.1. Modificacións debidas ao COVID 19

Vaia por diante, que o ensino a distancia, por medios telemáticos, de ningún xeito pode substituír ao ensino no aula; é soamente un remedo imposto polas circunstancias sanitarias.

Ante a eventualidade de que durante este curso non sexa posible impartir as clases nas aulas, sexa de forma temporal ou permanente, a principal modificación no referente aos contidos é que se procurará, na medida do posible, ver a maior parte dos conceptos teóricos durante as primeiras semanas do curso.

Deste xeito, o profesor pode asegurarse de que foron comprendidos e ten a posibilidade de responder ás dúbidas dos alumnos de forma inmediata, de modo que se estableza un diálogo fluído. Isto conséguese infinitamente mellor na a aula, estando os alumnos presentes.

Será conveniente proverlles do material teórico (apuntes, exemplos) necesario para que, no caso de que non poidan acudir ao centro, poidan traballar a parte práctica nas súas casas sen a presenza física do profesor.

Tamén, facer especial fincapé na forma de traballar sos; aínda que isto xa se adoita facer en circunstancias normais.

É importante que os alumnos (ou os pais, no seu caso) especifiquen un correo electrónico e un teléfono fiables, pois no mes de marzo houbo varios casos de alumnos imposibles de localizar.

No caso de que non sexa posible impartir as clases en aula, haberá que tomar en conta dúas posibilidades:

- a) que o Conservatorio permaneza aberto
- b) que o Conservatorio estea pechado.

Si o centro permanece aberto, o profesor pode acceder ao aula e impartir as clases co material nela existente, usando os medios telemáticos de que se dispoña ou se xulgue conveniente, como a aula virtual ou o correo electrónico.

Este segundo sistema foi o empregado durante os meses de abril e maio do curso pasado: enviábenselles tarefas aos alumnos e eles devolvíanas (en forma de documentos escritos, audios ou vídeos) unha vez feitas, para a súa corrección. Os resultados foron o suficientemente satisfactorios, dadas as circunstancias, como para continuar co mesmo sistema. Ademais, agora temos a vantaxe de que non nos pilla por sorpresa, e os alumnos dispoñerán dun material teórico que naquel momento houbo que elaborar, explicar e enviar.

Si a interrupción das clases presenciales é por un período curto (unha ou dúas semanas) non ten porqué influír negativamente na aprendizaxe.

De ser máis longa, é indubidable que influirá, pero vista a experiencia pasada, poderase sacar o curso adiante o suficientemente ben, dentro do malo.

Sobre o ensino si o centro permanece pechado, non se pode dicir nada polo momento, pois a Consellería de Educación non deu instrución algunha respecto diso nin explicou si as clases continuarían nin, caso de facelo, de que material dispoñeríamos os profesores para impartirlas. Queda, xa que logo, esta posibilidade, pendente de coñecer todas estas cousas.

2.2. Recuperación dos contidos que deixaron de darse no curso anterior.

Dado que, segundo informóullenos no Claustro, a Consellería de Educación non vai enviar profesorado de reforzo para este fin, usaremos unha hora de nuestro horario lectivo para atender as necesidades dos alumno mais retrasados. Isto é claramente insuficiente e é imposible que todos os alumnos teñan libre esa hora para poder asistir a esas clases de reforzo, pero é mellor que nada. Haberá, por tanto, que incluír a materia non vista o curso pasado, nas clases deste, atrasando, inevitablemente, o avance dos alumnos que non o precisen. A influencia que esta forma de facer as cousas terá nos contidos que se vexan este curso, está por ver. Saberémolo cando finalice.

En xeral, debido a esta circunstancia e ao feito de impartir máis materia teórica ao principio, é mais que probable que o avance global (teoría e práctica) da materia sexa menor que nun curso normal.

Os coñecementos e habilidades de cursos anteriores que os alumnos deben ter para asistir con aproveitamento ás clases do novo curso, especifícanse na organización de cada un deles.

3. Atención á diversidade

O alumnado do conservatorio habitualmente esta dentro dun nivel sociocultural e económico medio-alto, cunha gran capacidade de traballo pois ten que compaxinar os estudos de musica cos de ensinanzas xerais. As motivacións para estudar no

conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado variado en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz. A vía para o tratamento da diversidade é a adaptación curricular, que e o conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado.

Dependendo das circunstancias que se presenten no aula, o profesor poderá utilizar, entre outros, os seguintes recursos:

- Adaptacións do material didáctico.
- Variacións da metodoloxía.
- Propoñer actividades de traballo alternativas.
- Organizar o traballo de forma flexible.
- Acelerar ou frear o ritmo de novos contidos.

4. Temas transversais

4.1. Educación en valores

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais.

Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe despertar no alumnado una especial sensibilidade cara a dita realidade.

O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas ao aula especialmente na práctica de conxunto. Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso co medio ambiente e coa palabra dada ou educación para a paz poderán ser incorporados tanto na clase individual como na de conxunto.

4.2.Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (T.I.C.)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día mais patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cingúese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das T.I.C. pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O uso de materiais audiovisuais relacionados ca materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso no aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical. Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (videocámaras, grabadoras, tablets, teléfonos, etc) permite analizar no aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso no aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox o GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición dematerial electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor.

Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc. O uso de todos os materiais relacionados coas T.I.C. empregados no aula debe respectar en todo momento as leis distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

5.Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Debido ás circunstancias sanitarias e ás medidas de precaución que deben tomarse, é imposible saber neste momento as actividades que poderán realizarse.

De todos os xeitos, si o número de contagios (caso de haberlos) é o suficientemente pequeno como para continuar coas clases no centro, non hai razón algunha para que non se poidan facer audiciones e concertos con formacións reducidas e aforo limitado ou restrixido aos alumnos, profesores e demais persoas do centro.

En calquera caso, todo depende da evolución dos posibles contagios.

6. Organización do 4º curso do Grao Profesional

6.1. Materias imprescindibles que os alumnos deben coñecer

Para poder afrontar os estudos de Cuarto Curso cunha certa solvencia, os alumnos deben coñecer as materias que se citan a continuación e desenvolver, ademais, unha aceptable habilidade para levalas ao piano:

- Coñecemento das tríadas maiores menores e diminuídas, así como o acorde de 7ª Dominante. Ser capaces de tocarlas no piano sen titubeos.
- Enlaces básicos con tríadas a catro voces usando grados. Práctica no piano.
- Baixo Cifrado: enlaces a catro voces usando tríadas. Enlace V-VI, enlace II-V en modo menor, enlace do acorde diminuído da Sensible. Práctica no piano.

6.2. Evaluación Inicial e clases de reforzo

Ainda que este é o primeiro curso da asignatura, a base adquirida nos anos anteriores na clase de Conxunto é fundamental e, xa que logo as posibles carencias nela afectan dun xeito importante a esta.

Tras facer unha avaliación do alumnado durante as dúas primeiras semanas de clases (debido ao festivo do mércores 7 de outubro), conclúese que a maioría carece, en maior ou menor grado, dos coñecementos e habilidades citados máis arriba. Isto débese a que deixaron de entregar traballos e de ver diversas materias durante o período de illamento os meses de marzo, abril e maio pasados ou, simplemente, que os esqueceron co paso do tempo. Ao non ser estas carencias demasiado importantes, será suficiente dedicar as primeiras tres ou catro clases a repasar os contidos do curso anterior. A os demais alumnos tampouco lles virá mal e, de todos os xeitos, isto pódese compaxinar coa explicación de asuntos teóricos propios deste Cuarto Curso. Si alguén precisase máis atención, hai un horario de reforzo dedicado a tal fin.

6.3. Obxectivos

- a) Coñecementos musicais básicos: Afianzamento e posta en práctica dos coñecementos e conceptos vistos nos anos anteriores nas diferentes materias de

que se compoñen os estudos musicais (interválica, armaduras, cifrados, acordes, enlaces, etc.)

b) Harmónicos: Coñecemento e práctica dos acordes no teclado (formación, posicións, enlaces, etc.)

c) De análise: Comprensión real dos diferentes elementos harmónicos, rítmicos, melódicos e formais que conforman unha peza musical e como consecuencia diso, dos mecanismos propios de diferentes sistemas musicais, especialmente do sistema tonal.

d) De lectura e transporte: Aplicación da análise á lectura e transporte de pezas pianísticas acompañantes ou non.

e) De improvisación: Aplicación da análise á creación de melodías, acompañamentos ou pezas completas segundo as directrices de cada momento.

6.4. Contidos

Debido a que dun tempo a esta parte, as Programacións e o seu seguimento na aula son examinadas e xulgadas por persoas que carecen de coñecementos musicais, reduciuse aquí a relación de Contidos a uns códigos sinxelos de letras e números, de modo que poidan ser comprendidos doadamente por estas persoas, facilitándolles así o seu traballo.

Máis abaixo, no apartado "**Explicación dos Contidos**", detállanse estes con máis precisión utilizando a terminoloxía musical imprescindible para explicalos.

a) Baixo cifrado:

-C1

-C2

-C3

b) Improvisación:

-C4 Acompañamientos (Incluído nos demais contidos)

-C5

-C6

-C7

-C8 Ritmo (Incluído nos demais contidos)

Ademais estos contidos, veranse, durante o primeiro mes de clase, diferentes materias que se deixaron de tratar ou se trataron de forma incompleta anteriormente.

EXPLICACIÓN DOS CONTIDOS

Os acordes utilizados neste 4º curso son: todo tipo de tríades, Dominantes con 7ª, menores con 7ª e diminuídos con 7ª. Todos os alumnos deben coñecelos e saber utilizalos.

a) Baixo cifrado:

-C1: Primeira Inversión. Realización ao piano de baixos cifrados a catro partes, usando os enlâces de voces tradicionais con tríades en Estado Fundamental e Primeira Inversión. Uso de diferentes rítmicas. Estes baixos e algúns exercicios preparatorios aparecen entre a páxina 10 e a 24, do libro titulado Baixo Cifrado, que se atopa na aula.

-C2: Segunda Inversión. Realización ao piano de baixos cifrados a catro partes, usando os enlâces de voces tradicionais con tríades en Estado Fundamental, Primeira e Segunda Inversión. Uso de diferentes rítmicas. Estes baixos e algúns exercicios preparatorios aparecen entre a páxina 25 e a 32, do libro titulado Baixo cifrado, que se atopa na aula.

-C3: Círculo de Quintas. Enlace dá Dominante 7ª Coa Tónica a catro voces, estando ambos os dous os dous en Estado Fundamental. Práctica das diferentes distribucións de voces e posicións e de rítmicas variadas.

b) Improvisación:

-C4: Realización de acompañamentos ao piano enlazando sucesións de acordes e usando diferentes rítmicas tanto placadas como cos acordes despregados. Este contido é común a practicamente todos os demais e polo tanto, necesario para a realización de todos eles. Debido a iso, estará presente durante todo o curso

-C5: Concepto de Estrutura Harmónica. Creación e desenvolvemento de estruturas harmónicas de catro compases. Uso de diferentes rítmicas.

-C6: Creación e desenvolvemento de estruturas harmónicas de oito compases. Finais cadenciais (Cadencia Perfecta e Rota) e semicadenciais. Uso de diferentes rítmicas.

-C7: Concepto de Motivo Melódico. Iniciación á creación e desenvolvemento de motivos melódicos nun ámbito modal.

-C8: Concepto de Esquema Rítmico. Uso de diferentes esquemas rítmicos. Este Contido, ao igual que o C4 é común a practicamente todos os anteriores e polo tanto, todo o dito máis arriba é de aplicación aquí.

6.5.Avaliación

6.5.1.Criterios de avaliación

Nas diferentes avaliacións, os alumnos deberán ter os coñecementos e aptitudes que se especifican a continuación. Dado que os esixidos en cada avaliación (e en cada curso) son a base para estudos posteriores de maior complexidade, os alumnos deberán acreditar en cada avaliación, estar en posesión dos coñecementos e habilidades das anteriores.

Primeira Avaliación

-Coñecemento claro, rápido e seguro dos intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades maiores e menores.

- Coñecemento de todas as tríades maiores, menores e diminuídas, os acordes de Dominante con 7^a, os menores con 7^a e os diminuídos con 7^a.
- Baixo Cifrado: tríades en Estado Fundamental, Primeira e Segunda Inversións. Disposicións e enlaces.
- Enlace V7-I nas diferentes posicións.
- O Círculo de Quintas: coñecemento dos dous posibles
- Estruturas Harmónicas de catro e oito compases. Concepto y construcción. Funcións dos grados.

Segunda Avaliación

- Coñecemento claro, rápido e seguro dos intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades Maiores e menores.
- Coñecemento dos acordes tríade, os de Sétima de Dominante, os menores con 7^a e os diminuídos con 7^a no teclado
- Realización de baixos cifrado usando os enlaces tradicionais. Tríades en Estado Fundamental e inversións.
- Enlace V7-I. Progresións usando o círculo de quintas (I). Uso de diferentes rítmicas.
- Creación e desenvolvemento de Estruturas Harmónicas de catro e oito compases, usando diferentes esquemas rítmicos. Tonalidades maiores e menores ata dúas alteracións.

Terceira Avaliación

- Coñecemento claro, rápido e seguro dos intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades Maiores e menores.
- Coñecemento dos acordes tríade, os de Sétima de Dominante, os menores con 7^a e os diminuídos con 7^a no teclado.

-Realización de baixos cifrado usando os enlaces tradicionais. Tríades en estado fundamental e inversións.

-Creación e desenvolvemento de Estructuras Harmónicas de oito compases. Tonalidades maiores e menores ata catro alteracións.

-Enlace V7-I. Progresións usando o círculo de quintas (II). Uso de diferentes rítmicas.

6.5.2.Mínimos esixibles

-Coñecemento claro, rápido e seguro dos intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades Maiores e menores.

-Coñecemento claro, rápido e seguro dos acordes tríade, os de Sétima de Dominante e os menores con 7^a no teclado

-Realización de baixos cifrados a vista usando os enlaces tradicionais. Tríades en estado fundamental e inversións. Deben ter continuidade rítmica, sen paradas non pertinentes.

-Creación e desenvolvemento de Estructuras Harmónicas de oito compases con finais cadenciais (sobre I e sobre VI) e semicadenciais (sobre IV e sobre V). Han de tocarse no piano usando diferentes desenvolvementos rítmicos e facerse con continuidade rítmica, sen paradas non pertinentes.

-Enlace V7-I. Progresións usando o círculo de quintas e as diferentes posicións do V7.

6.5.3.Procedementos e ferramentas de avaliación

-Na avaliación tomaranse en conta a asistencia, o rendemento e a participación na clase.

Poderá estar complementada por algunhas probas na aula. De ellas,la que se refire a interválica e armaduras das tonalidades, será eliminatorio, é dicir, que se non se

supera, non se aproba a Avaliación correspondente. Poderá ser oral ou escrita e realizarse en calquera momento do curso. En caso de ser escrita, consistirá nun exercicio con 10 intervalos e 10 armaduras, deberá estar totalmente correcta e o alumno disporá de dous minutos para realizala. Tamén será condición imprescindible para aprobar, demostrar que se coñecen os acordes tratados durante o curso. O alumno deberá simplemente tocar no piano os acordes que se lle indiquen. Poderá dispoñelos no teclado ao seu gusto e haberá de facelo con rapidez e seguridade, mostrando que os coñece sen titubeos.

Ao final de curso, e con independencia do nivel alcanzado noutras materias da materia, todos os alumnos deberán facer as dúas probas sobre as citadas cuestións de intervállica e armaduras das tonalidades e sobre o coñecemento dos acordes tratados. Pasar estas probas será condición imprescindible para aprobar o curso, aínda que non garantía diso.

6.5.4.Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

-Comprensión real mediante o análise, dos diferentes elementos harmónicos, rítmicos, melódicos e formais que conforman unha peza musical e aplicación dos resultados á creación de fragmentos, acompañamentos ou pezas completas improvisadas --- 100%

6.5.5.Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superados os obxectivos e contidos do curso na última clase antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao Consello Escolar.

6.6.Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, a recuperación das avaliacións

suspensas integrárase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzo dos aspectos que precisen mellora.

6.6.1.Procedementos de recuperación ordinarios

-No caso de que o número de faltas dun alumno a clase impidise a súa avaliación ordinaria, poderáselle avaliar por medio dun exame que versará sobre os apartados que acaban de ser sinalados nestes Criterios de Avaliación. Se esta circunstancia se dá a final de curso, o exame poderá incluír materias das tres Avaliacións.

6.6.2.Probas extraordinarias de setembro

-Os alumnos que non aproben en Xuño, teñen dereito a un exame no mes de Setembro. Este exame será realizado na aula polo profesor da materia e versará sobre todos os contidos do curso.

- a) Realización dun exercicio con cuestións de intervállica e tonalidades.
- b) Tocar no piano acordes tríade, de Sétima de Dominante, menores con 7^a e disminuídos con 7^a co obxecto de demostrar que se coñece a súa constitución.
- c) Realización ao piano a catro partes de varios baixos cifrados usando os enlaces de voces tradicionais. Incluirá tríades en Estado Fundamental e inversións. Realización de progresións usando o enlace V7-I.
- d) Creación e desenvolvemento rítmico no teclado de varias estruturas harmónicas de oito compases
- e) Análise, lectura e transporte dunha peza pianística acompañante ou non.

EXPLICACIÓN DAS PROBAS

Apartado a) :El alumno disporá de dous minutos para resolver por escrito un exercicio con 10 intervalos e 10 armaduras e deberá contestalos correctamente todos. É dicir, que se as notas do intervalo polo que se lle pregunta forman, por exemplo, unha 5ª xusta, deberá responder que é unha 5ª xusta e se a tonalidade en cuestión ten, poñamos, tres díeses, ha de responder que tres díeses. Este exercicio terá carácter eliminatorio. Isto quere dicir que se non pasa esta proba, suspendería definitivamente o curso.

Apartado b): O alumno terá que tocar no piano de forma inmediata e sen preparación previa un total de vinte e cinco acordes dos diferentes tipos indicados. Poderá dispoñelos no piano ao seu gusto. Deberá tocalos todos correctamente e sen titubeos. Isto quere dicir que se se lle manda tocar unha acorde de A bemol Maior, debe tocar un acorde de A bemol Maior; se se lle manda tocar un de Fa sostido menor, debe tocar un de Fa sostido menor e así sucesivamente. Este exercicio terá tamén carácter eliminatorio. Isto quere dicir que se non pasa esta proba, suspendería definitivamente o curso.

Apartado c): O alumno interpretará ao piano a catro voces e cos enlaces harmónicos tradicionais os acordes indicados no baixo dado. Tocaré o propio baixo coa man esquerda e as outra tres voces coa dereita. Deberá atermos a un tempo e tocar con regularidade e continuidade..

Os baixos poderán ser escollidos entre os vistos durante o curso ou ben escritos ex-profeso para o exame. No primeiro caso, disporá de dous minutos de preparación mental antes de tocar e no segundo, ao tratarse dun exercicio a vista, o tempo de preparación estará en función da duración e dificultade do baixo. Esta preparación non incluírá en ningún caso o uso do piano.

Así mesmo, terá que tocar unha progresión en círculo de quintas, usando o enlace V7-I a catro voces en Estado Fundamental, nas posicións e co ritmo que se lle indique. Ao igual que no Baixo cifrado, deberá atermos a un tempo e tocar con regularidade e continuidade.

Apartado d): O alumno deberá desenvolver rítmicamente varias estruturas harmónicas (unhas propostas por él mesmo e outras polo profesor) no piano utilizando o tipo de compás, tempo, carácter e tonalidades que se lle indiquen.

Deberá facelo sen interrupcións, paradas nin repeticións non pertinentes. Disporá de dous minutos de preparación mental que non incluíra en ningún caso o uso do piano.

Apartado e): O alumno deberá identificar correctamente os acordes da peza, é dicir, que se hai unha acorde de La Mayor, deberá dicir que hai un acorde de A e se o acorde é de Re menor, entón dirá que o acorde é de Re menor.

á tamén que tocala e transportala ás tonalidades que se lle indique, e todo con corrección melódica, harmónica e rítmica, é dicir, que se a partitura pon Mi, Re, Do, deberá tocar Mi, Re, Do e se pon corchea con punto, pois terá que tocar con punto. Terá que facelo respectando o tempo sinalado, ou sexa, que se se indica que a negra vai a 80 pulsacións por minuto, deberá tocar a peza a 80 pulsacións por minuto. Disporá de dez minutos de preparación mental antes de tocar. Esta preparación non incluíra en ningún caso o uso do piano

6.7. Recursos didácticos

A materia impártese nunha aula provista de varios pianos eléctricos, tres sintetizadores ordenador e equipo de audio, ademais de materiais xa tradicionais como partituras, lousa, etc. Non se utiliza un tratado concreto se non que se seleccionan fragmentos ou contidos de diversas fontes, tanto de libros impresos como sacados de Internet, ademais doutros materiais, feitos polo profesor da materia

7.Organización do 5º curso do Grao Profesional

7.1.Materias imprescindibles que os alumnos deben coñecer

Para poder afrontar os estudos de Quinto Curso cunha certa solvencia, os alumnos deben coñecer as materias que se citan a continuación e desenvolver, ademais, unha aceptable habilidade para levalas ao piano:

-Coñecemento das tríadas maiores menores e diminuídas, así como os acordes de 7ª Dominante, os menores con 7ª, os diminuídos con 7ª e os acordes con 6ª. Ser capaces de tocarlos no piano sen titubeos.

-Coñecemento e práctica no piano, de Estruturas Armónicas de 8 compases, Cadenciales e Semicadenciales.

-Baixo Cifrado: enlaces a catro voces usando tríadas en Estado Fundamental e inversións. Enlace V-VI, enlace II-V en modo menor, enlace do acorde diminuído da Sensible. Práctica no piano.

-Cifrado Americano: coñecemento do cifrado de tríadas, Dominante con 7ª, menores con 7ª, diminuídos con 7ª e acordes con 6ª. Práctica no piano.

-Blues: coñecemento da estrutura formal e a harmonía básica. Ser capaz de improvisar sobre ella.

7.2.Evaluación Inicial e clases de reforzo

Este é o curso máis problemático, posto que nel, inciden materias de dúas asignaturas de 4º curso e, por iso, as carencias (de haberlas) han de ser maiores.

Tras facer unha avaliación do alumnado durante as dúas primeiras semanas de clases (debido ao festivo do mércores 7 de outubro), conclúese que a maioría carece, en maior ou menor grado, dos coñecementos e habilidades citados máis arriba. Isto débese a que deixaron de entregar traballos e de ver diversas materias durante o período de illamento os meses de marzo, abril e maio pasados ou, simplemente, que os esqueceron co paso do tempo.

Debido a iso, é probable que se necesiten, polo menos, seis clases antes de comenar a ver a materia propia deste 5º curso, aínda que se intentará compaxinar o repaso coa explicación dalgúns conceptos teóricos propios del.

Si alguén precisase máis atención, hai un horario semanal dedicado a tal fin.

7.3.Obxectivos

a) Coñecementos musicais básicos: Afianzamento e posta en práctica dos coñecementos e conceptos vistos nos anos anteriores nas diferentes materias de que se compoñen os estudos musicais (interválica, armaduras, cifrados, acordes, enlaces, etc.)

b) Harmónicos: Coñecemento e práctica dos acordes no teclado(formación, posicións, enlaces,etc.)

c) De análise: Comprensión real dos diferentes elementos harmónicos, rítmicos, melódicos e formais que conforman unha peza musical e como consecuencia diso, dos mecanismos propios de diferentes sistemas musicais, especialmente do sistema tonal.

d) De improvisación: Aplicación da análise á creación de melodías, acompañamentos ou pezas completas segundo as directrices de cada momento.

7.4.Contidos

Debido a que dun tempo a esta parte, as Programacións e o seu seguimento na aula son examinadas e xulgadas por persoas que carecen de coñecementos musicais, reduciuse aquí a relación de Contidos a uns códigos sinxelos de letras e números, de modo que poidan ser comprendidos doadamente por estas persoas, facilitándolles así o seu traballo.

Máis abaixo, no apartado "**Explicación dos Contidos**", detállanse estes con máis precisión utilizando a terminoloxía musical imprescindible para explicalos.

a) Baixo cifrado:

-C1

-C2

-C3

-C4

b) Improvisación:

-C5: Acompañamientos (incluído nos demais contidos)

-C6

-C7

-C8

-C9

Ademais estos contidos, veranse, durante os primeiros meses de clase, diferentes materias que se deixaron de tratar ou se trataron de forma incompleta anteriormente.

EXPLICACIÓN DOS CONTIDOS

Todo tipo de tríades e todo tipo de sétimas, son os acordes utilizados neste 5º curso e polo tanto, todos os alumnos deben coñecelos e saber utilizalos.

a) Baixo cifrado:

-C1: Dominante con 7ª. Realización ao piano de baixos cifrados a catro partes, usando os enlâces de voces tradicionais con tríades en Estado Fundamental e inversións así como con acordes de Dominante con 7ª en Estado Fundamental. Uso de diferentes rítmicas. Estes baixos figuran nunha folla solta feita ex-profeso

-C2: Realización ao piano de baixos cifrados a catro partes, usando enlâcesvos de voces tradicionais con tríades en Estado Fundamental e inversións así como con

acordes de Dominante con 7ª en Estado Fundamental e Primeira Inversión. Uso de diferentes rítmicas. Estes baixos figuran nunha folla solta feita ex-profeso

-C3: Realización ao piano de baixos cifrados a catro partes, usando os enlâces de voces tradicionais con tríades en Estado Fundamental e inversións así como con acordes de Dominante con 7ª en Estado Fundamental, Primeira e Segunda Inversión. .
Uso de diferentes rítmicas. Estes baixos figuran nunha folla solta feita ex-profeso

-C4: Realización ao piano de baixos cifrados a catro partes, usando os enlâces de voces tradicionais con tríades e acordes de Dominante con 7ª en Estado Fundamental e inversións. Uso de diferentes rítmicas. Estes baixos e algúns exercicios preparatorios aparecen entre a páxina 33 e a 48, do libro titulado Baixo cifrado, que se atopa na aula.

b) Improvisación:

-C5: Realización de acompañamentos ao piano enlazando sucesións de acordes e usando diferentes rítmicas tanto placadas como cos acordes despregados. Este contido é común a practicamente todos os demais e polo tanto, necesario para a realización de todos eles. Debido a iso, estará presente durante todo o curso

-C6: O Blues. Coñecemento e práctica do esta forma musical. Interpretación de 4 ou 5 blues de doce compases, elixidos entre os números 11, 12, 13, 14, 15 e 16, usando tríades, acordes con 6ª e acordes de 7ª. Todo iso, de memoria, sen partitura, de oído dende un arquivo de audio. Escalas pentatónicas e de blues. Improvisacións seguindo a harmonía das pezas.

-C7: Cifrado Americano. Conocimiento do cifrado. Realización de acompañamentos a partir de guións (só melodía e harmonía escrita con este tipo de cifrado). Interpretación de melodía e harmonía á vez. Uso de todo tipo de sétimas. Ás pezas poden ser elixidas de volumes tipo Real Book e deben ter as dificultades harmónicas sinaladas.

-C8: Estruturas Harmónicas. Creación e desenvolvemento de Estruturas Harmónicas: inversións, retardos e apoyaturas, dominantes secundarias.

-C9: Motivos Melódicos. Creación e desenvolvemento de motivos melódicos nun ámbito tonal dentro dunha Estrutura Harmónica.

7.5.Avaliación

7.5.1.Criterios de avaliación

Nas diferentes avaliacións, os alumnos deberán ter os coñecementos e aptitudes que se especifican a continuación. Dado que os esixidos en cada avaliación (e en cada curso) son a base para estudos posteriores de maior complexidade, os alumnos deberán acreditar en cada avaliación, estar en posesión dos coñecementos e habilidades das anteriores.

Primeira Avaliación

-Coñecemento claro, rápido e seguro dos intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades maiores e menores.

-Coñecemento dos acordes tríade e todo tipo de acordes con 7^a.

-Cifrado Americano: os acordes con 7^a en todos os grados. Construción e cifrado.

-Os acordes de con 6^a e con 7^a no blues. Disposición e enlaces. Escalas pentatónicas.

-Desarrollo melódico: concepto y tipos. Utilización de las notas de adorno.

-Baixo Cifrado: coñecemento do cifrado para 7^a Dominante en Estado Fundamental e inversión. Disposición e resolucións.

Segunda Avaliación

-Coñecemento claro, rápido e seguro dos intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades maiores e menores.

-Coñecemento de todo os acordes tríade e todos os acordes de Sétima no teclado

-Interpretación de pezas escritas con cifrado Americano usando todo tipo de acordes de 7^a.

-Interpretación de blues usando acordes de 7ª. Improvisación sobre a súa estrutura harmónica.

-Realización de baixos cifrado usando os enlaces tradicionais usando acordes de Dominante con 7ª en Estado Fundamental, e en 1ª e 2ª inversión.

-Creación e desenvolvemento de Estructuras Harmónicas de oito compases: inversións, retardos e apoyaturas.

-Creación, desenvolvemento e interpretación de frases melódicas a partir dun motivo, nun ámbito tonal dentro dunha Estructura Harmónica.

Terceira Avaliación

-Coñecemento claro, rápido e seguro dos intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades Maiores e menores.

-Coñecemento de todo os acordes tríade e todos os acordes de Sétima no teclado

-Realización de baixos cifrado usando os enlaces tradicionais. Acordes de Dominante con 7ª, en Estado Fundamental e inversións.

-Realización ao piano de fórmulas acompañantes como soporte dunha melodía dada, usando o cifrado Americano. Interpretación de guións, tocando melodía e harmonía acompañante á vez. Uso de tríades e de todo tipo de sétimas.

-Interpretación de blues usando acordes de 7ª. Improvisación sobre a súa estrutura harmónica. Uso de escalas pentatónicas e da chamada escala de Blues.

-Creación e desenvolvemento de Estructuras Harmónicas de oito compases: Dominantes Secundarias.

-Creación, desenvolvemento e interpretación de frases melódicas a partir dun motivo, nun ámbito tonal dentro dunha Estructura Harmónica.

7.5.2. Mínimos esixibles

-Coñecemento claro, rápido e seguro dos intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades Maiores e menores.

-Coñecemento claro, rápido e seguro de todo os acordes tríade e todos os acordes de Sétima no teclado

-Realización de baixos cifrados a vista usando os enlaces tradicionais. Acordes de Dominante con 7ª, en Estado Fundamental e inversións. Deben ter continuidade rítmica, sen paradas non pertinentes.

-Repentización ao piano de acompañamentos como soporte dunha melodía dada, usando o cifrado Americano. Interpretación de guións, tocando melodía e harmonía acompañante á vez. Uso de tríades e de todo tipo de sétimas. Todo iso, a vista, cun tempo mínimo de preparación mental que non incluíra en ningún caso o uso do piano. Deben tocarse con continuidade rítmica, sen paradas non pertinentes.

-Interpretación de blues usando acordes de 7ª. Improvisación sobre a súa estrutura harmónica. Uso de escalas pentatónicas e da chamada escala de Blues. Deben tocarse con continuidade rítmica, sen paradas non pertinentes.

-Creación e desenvolvemento de Estructuras Harmónicas de oito compases con finais cadenciais (sobre I e sobre VI) e semicadenciais (sobre IV e sobre V).. Uso de inversións e dominantes secundarias. Han de tocarse no piano usando diferentes desenvolvementos rítmicos e facerse con continuidade, sen paradas non pertinentes

7.5.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

-Na avaliación tomaranse en conta a asistencia, o rendemento e a participación na clase.

Poderá estar complementada por algunhas probas na aula. De elas, a que se refire a intervállica e armaduras das tonalidades, será eliminatorio, é dicir, que se non se

supera, non se aproba a Avaliación correspondente. Poderá ser oral ou escrita e realizarse en calquera momento do curso. En caso de ser escrita, consistirá nun exercicio con 10 intervalos e 10 armaduras, deberá estar totalmente correcta e o alumno disporá de dous minutos para realizala. Tamén será condición imprescindible para aprobar, demostrar que se coñecen os acordes tratados durante o curso. O alumno deberá simplemente tocar no piano os acordes que se lle indiquen. Poderá dispoñelos no teclado ao seu gusto e haberá de facelo con rapidez e seguridade, mostrando que os coñece sen titubeos.

Ao final de curso, e con independencia do nivel alcanzado noutras materias da materia, todos os alumnos deberán facer as dúas probas sobre as citadas cuestións de interválica e armaduras das tonalidades e sobre o coñecemento dos acordes tratados. Pasar estas probas será condición imprescindible para aprobar o curso, aínda que non garantía diso.

7.5.4.Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

-Comprensión real mediante o análise, dos diferentes elementos harmónicos, rítmicos, melódicos e formais que conforman unha peza musical e aplicación dos resultados á creación de fragmentos, acompañamentos ou pezas completas improvisadas --- 100%

7.5.5.Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superados os obxectivos e contidos do curso na última clase antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao Consello Escolar.

7.6. Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzo dos aspectos que precisen mellora.

7.6.1. Procedementos de recuperación ordinarios

-No caso de que o número de faltas dun alumno a clase impidise a súa avaliación ordinaria, poderáselle avaliar por medio dun exame que versará sobre os apartados que acaban de ser sinalados nestes Criterios de Avaliación. Se esta circunstancia se dá a final de curso, o exame poderá incluír materias das tres Avaliacións.

7.6.2. Probas extraordinarias de setembro

-Os alumnos que non aproben en Xuño, teñen dereito a un exame no mes de Setembro. Este exame será realizado na aula polo profesor da materia e versará sobre todos os contidos do curso.

- a) Realización dun exercicio con cuestións de intervállica e tonalidades.
- b) Tocar no piano acordes tríade e todo tipo de acordes con 7^a, co obxecto de demostrar que se coñece a súa constitución.
- c) Realización ao piano a catro partes de varios baixos cifrados usando os enlaces de voces tradicionais. Incluirán tríades e acordes de Dominante con 7^a en Estado Fundamental e inversións.
- d) Interpretación ao piano, tanto do acompañamento só, como da melodía xunto co seu acompañamento, de varias melodías, a harmonía das cales estea escrita con Cifrado Americano. Incluirá tríades e todo tipo de acordes con 7^a
- e) Interpretación ao piano dos blues vistos durante o curso. Improvisación sobre a súa estrutura harmónica.

- f) Creación e desenvolvemento rítmico no teclado de varias estruturas harmónicas de oito compases usando inversións, retardos, apoyaturas e dominantes secundarias.
- g) Análise, lectura e transporte dunha peza pianística acompañante ou non

EXPLICACIÓN DAS PROBAS

-Apartado a) :El alumno disporá de dous minutos para resolver por escrito un exercicio con 10 intervalos e 10 armaduras e deberá contestalos correctamente todos. É dicir, que se as notas do intervalo polo que se lle pregunta forman, por exemplo, unha 5ª xusta, deberá responder que é unha 5ª xusta e se a tonalidade en cuestión ten, poñamos, tres díeses, ha de responder que tres díeses.

Este exercicio terá carácter eliminatorio. Esto quere dicir que se non pasa esta prueba, suspendería definitivamente o curso.

-Apartado b): O alumno terá que tocar no piano de forma inmediata e sen preparación previa un total de vinte e cinco acordes dos diferentes tipos indicados. Poderá dispoñelos no piano ao seu gusto. Deberá tocalos todos correctamente e sen titubeos. Isto quere dicir que se se lle manda tocar unha acorde de A bemol Maior, debe tocar un acorde de A bemol Maior; se se lle manda tocar un de Fa sostido menor, debe tocar un de Fa sostido menor e así sucesivamente. Este exercicio terá tamén carácter eliminatorio. Isto quere dicir que se non pasa esta proba, suspenderá definitivamente o curso.

-Apartado c): O alumno interpretará ao piano a catro voces e cos enlaces harmónicos tradicionais os acordes indicados no baixo dado. Tocaré o propio baixo coa man esquerda e as outra tres voces coa dereita. Deberá aterse a un tempo e tocar con regularidade e continuidade. Dispondrá de dous minutos de preparación mental antes de tocar. Esta preparación non incluírá en ningún caso o uso do piano.

Os baixos poderán ser escollidos entre os vistos durante o curso ou ben escritos ex-profeso para o exame. Neste segundo caso, ao tratarse dun exercicio a vista, o tempo de preparación estará en función da duración e dificultade do baixo.

-Apartado d). Para esta proba, o alumno utilizará guións con melodía e cifrado e deberá tocar tanto o acompañamento só como a melodía co seu acompañamento. Terá que tocar os acordes que en cada guión aparezan, de modo que, se o acorde indicado é, poñamos, Do menor, deberá tocar o acorde de Do menor e se o guión indica que o acorde é Mi Mayor, tocará Mi maior. Interpretará as pezas utilizando un deseño rítmico que sirva de acompañamento á melodía e polo tanto, con continuidade rítmica, sen interrupcións nin paradas non indicadas na partitura. Cando acompañe, o xeito de enlazar cada acorde co seguinte seguirá as pautas propias dun acompañamento pianístico, evitando saltos ao pasar dun a outro. Deberá manter o tempo indicado, é dicir, que se se indica que a negra vai a 84 pulsacións por minuto, deberá tocala a 84 pulsacións por minuto

-Apartado e): O alumno deberá interpretar ao piano, de memoria, o blues vistos en durante o curso. Tamén terá que improvisar liñas melódicas sobre a secuencia harmónica usando escalas pentatónicas e a chamada escala de Blues. Deberá atermose ao tempo correspondente e tocar con regularidade e continuidade, sen interrupcións nin paradas non pertinentes. Non poderá usar partitura nin ningún tipo de guión.

-Apartado f): O alumno deberá desenvolver varias estruturas harmónicas (unhas propostas por el mesmo e outras polo profesor) no piano, utilizando o tipo de compás, tempo, carácter e tonalidades que se lle indiquen. Deberá facelo sen interrupcións, paradas nin repeticións non pertinentes. Poderáselle pedir que as modifique por medio de inversións, retardos, apoyaturas e dominantes secundarias. Disporá de dous minutos de preparación mental que non incluírá en ningún caso o uso do piano.

-Apartado g): O alumno deberá identificar correctamente os acordes da peza, é dicir, que se hai unha acorde de La Mayor, deberá dicir que hai un acorde de La Mayor e se o

acorde é de Re menor, entón dirá que o acorde é de Re menor. Terá tamén que tocala e transportala ás tonalidades que se lle indique, e todo iso con corrección melódica, harmónica e rítmica, é dicir, que se a partitura pon Mi, Re, Do, deberá tocar Mi, Re, Do e se pon corchea con punto, pois terá que tocar corchea con punto. Terá que facelo respectando o tempo sinalado, ou sexa, que se se indica que a negra vai a 80 pulsacións por minuto, deberá tocar a peza a 80 pulsacións por minuto. Disporá de dez minutos de preparación mental antes de tocar. Esta preparación non incluírá en ningún caso o uso do piano.

7.7. Recursos didácticos

A materia impártese nunha aula provista de varios pianos eléctricos, tres sintetizadores, ordenador e equipo de audio, ademais de materiais xa tradicionais como partituras, lousa, etc.

Non se utiliza un tratado concreto se non que se seleccionan fragmentos ou contidos de diversas fontes, tanto de libros impresos como sacados de Internet, ademais doutros materiais, feitos polo profesor da materia

8. Organización do 6º curso do Grao Profesional

8.1. Materias imprescindibles que os alumnos deben coñecer

Para poder afrontar os estudos de Sexto Curso cunha certa solvencia, os alumnos deben coñecer as materias que se citan a continuación e desenvolver, ademais, unha aceptable habilidade para levalas ao piano:

-Coñecemento das tríadas maiores menores e diminuídas, así como os acordes con sexta e todo tipo de acordes con sétima. Ser capaces de tocarlos no piano sen titubeos.

-Coñecemento e práctica no piano, de Estruturas Armónicas de 8 compases, Cadenciales e Semicadenciales.

-Desenvolvemento melódico de motivos. Práctica no piano.

-Baixo Cifrado: enlaces a catro voces usando tríadas e acordes de Sétima Dominante en Estado Fundamental e inversións. Práctica no piano.

-Cifrado Americano: coñecemento do cifrado de tríadas, acordes con 6ª e todo tipo de Sétimas. Práctica no piano.

-Blues: coñecemento da estrutura formal e a harmonía básica. Ser capaz de improvisar e acompañar sobre ella. Uso de acordes con 6ª e con Sétima Dominante.

8.2. Evaluación Inicial e clases de reforzo

A avaliación inicial foi parcial e incompleta debido á falta dalgúns alumnos á primeira clase.

Aínda así, e vista a materia que deben coñecer, é probable que se necesiten, polo menos, seis clases antes de comenzar a ver os contenidos propios deste 6º curso. Con obxecto de non atrasar tanto o avance dos alumnos, se intentará compaxinar o repaso coa explicación dalgúns conceptos teóricos propios del.

Si alguén precisase máis atención, hai un horario semanal dedicado a tal fin.

8.3.Obxectivos

- a) Coñecementos musicais básicos: Afianzamento e posta en práctica dos coñecementos e conceptos vistos nos anos anteriores nas diferentes materias de que se compoñen os estudos musicais (interválica, armaduras, cifrados, acordes, enlaces, etc.)
- b) Harmónicos: Coñecemento e práctica dos acordes no teclado (formación, posicións, enlaces, etc.)
- c) De análise: Comprensión real dos diferentes elementos harmónicos, rítmicos, melódicos e formais que conforman unha peza musical e como consecuencia diso, dos mecanismos propios de diferentes sistemas musicais, especialmente do sistema tonal.
- d) De lectura e transporte: Aplicación da análise á lectura e transporte de pezas pianísticas acompañantes ou non.
- e) De improvisación: Aplicación da análise á creación de melodías, acompañamentos ou pezas completas segundo as directrices de cada momento.

8.4.Contidos

Debido a que dun tempo a esta parte, as Programacións e o seu seguimento na aula son examinadas e xulgadas por persoas que carecen de coñecementos musicais, reduciuse aquí a relación de Contidos a uns códigos sinxelos de letras e números, de modo que poidan ser comprendidos doadamente por estas persoas, facilitándolles así o seu traballo.

Máis abaixo, no apartado "**Explicación dos Contidos**", detállanse estes con máis precisión utilizando a terminoloxía musical imprescindible para explicalos.

a) Baixo cifrado:

-C1:

-C2:

-C3:

b) Improvisación:

-C4: Acompañamentos (Incluído nos demais contidos)

-C5

-C6

-C7

Ademais estos contidos, veranse, durante os primeiros meses de clase, diferentes materias que se deixaron de tratar ou se trataron de forma incompleta anteriormente.

EXPLICACIÓN DOS CONTIDOS

Todo tipo de tríades e todo tipo de sétimas, así como acordes con 9^a, 11^a e 13^a, ás chamadas "notas engadidas" ou "tensións" dá estrutura superior do acorde, son os acordes utilizados neste 6º curso e polo tanto, todos os alumnos deben coñecelos e sabelos utilizar.

a) Baixo cifrado:

-C1: Realización ao piano de baixos cifrados a catro partes, usando os enlaces de voces tradicionais con tríades, sétimas de Dominante e sétimas de Sensible, en Estado Fundamental e inversións. Uso de diferentes rítmicas. Estes baixos figuran en follas soltas feitas ex-profeso e tamén, xunto con algúns exercicios preparatorios, entre a páxina 49 e a 54, do libro titulado Baixo cifrado, que se atopa na aula.

-C2: Realización ao piano de baixos cifrados a catro partes, usando os enlaces de voces tradicionais con tríades, sétimas de Dominante e sétimas Disminuíds, en Estado Fundamental e inversións. Uso de diferentes rítmicas. Estes baixos figuran en follas soltas feitas ex-profeso e tamén, xunto con algúns exercicios preparatorios, entre a páxina 49 e a 54, do libro titulado Baixo cifrado, que se atopa na aula.

-C3: Realización ao piano de baixos cifrados a catro partes, usando os enlaces de voces tradicionais con tríades e sétimas de todo tipo, en Estado Fundamental e inversións. Uso de diferentes rítmicas. Estes baixos e algúns exercicios preparatorios aparecen entre a páxina 55 e a 75, do libro titulado Baixo cifrado, que se atopa na aula.

b) Improvisación:

-C4: Realización de acompañamentos ao piano enlazando sucesións de acordes e usando diferentes rítmicas tanto placadas como cos acordes despregados. Este contido é común a practicamente todos os demais e polo tanto, necesario para a realización de todos eles. Debido a estó, estará presente durante todo o curso

-C5: Ou Blues. Coñecemento e práctica do esta forma musical. Interpretación de 4 ou 5 blues de doce compases, entre eles, os números 18 e 19, ademais doutros en follas soltas ou outros calquera do repertorio deste tipo de música. usando acordes con 9ª e 13ª. Todo iso, de memoria, sen partitura, de oído dende un arquivo de audio. Escalas pentatónicas e de blues. Improvisacións seguindo a harmonía das pezas. Distribución da harmonía nas dúas mans para acompañar.

-C6: Cifrado Americano. Coñecemento do cifrado. Realización de acompañamentos a partir de guións (só melodía e harmonía) escritos con este tipo de cifrado. Interpretación de melodía e harmonía á vez. Uso de todo tipo de sétimas así como acordes con 9ª, 11ª e 13ª. Relación escala-acorde. Coñecemento e práctica das escalas usadas na improvisación. As pezas poden ser elixidas de volumes tipo Real Book e deben ter as dificultades harmónicas sinaladas.

-C7: Creación e desenvolvemento de frases de 8 e 16 compases partindo dun motivo dado, nun ámbito tonal dentro dunha Estrutura Harmónica. Construción de frases cadenciais e semicadenciais.

Improvisación de pequenas pezas a partir dun motivo dado.

8.5.Avaliación

8.5.1.Criterios de avaliación

Nas diferentes avaliacións, os alumnos deberán ter os coñecementos e aptitudes que se especifican a continuación. Dado que os esixidos en cada avaliación (e en cada curso) son a base para estudos posteriores de maior complexidade, os alumnos deberán acreditar en cada avaliación, estar en posesión dos coñecementos e habilidades das anteriores.

Primeira Avaliación

-Coñecemento claro, rápido e seguro dos intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades maiores e menores.

-Formación dos acordes con 7^a, 9^a, 11^a e 13^a no teclado.

-Coñecemento dos símbolos do cifrado Americano para os acordes con 7^a con 9^a con 11^a e con 13^a.

-O Blues: acordes de 7^a, 9^a e 13^a. Distribución de la harmonía entre ambas manos e tamén en man esquerda soa. Escalas pentatónicas, mixolidias e de Blues.

-Baixo Cifrado: coñecemento do cifrado para todo tipo de sétimas. Resolucions e enlaces.

-Creación e desenvolvemento de frases melódicas a partir dun motivo, nun ámbito tonal dentro dunha Estrutura Harmónica. Recursos melódicos e formales.

Segunda Avaliación

-Coñecemento claro, rápido e seguro dos intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades Maiores e menores.

-Coñecemento dos acordes con 7^a, 9^a, 11^a e 13^a, no teclado.

-Realización ao piano, de fórmulas acompañantes como soporte dunha melodía dada, usando o cifrado Americano. Interpretación de guións, tocando melodía e

harmonía acompañante á vez. Uso acordes con 7^a, 9^a, 11^a e 13^a. Dúas pezas escritas co cifrado Americano e os acordes citados.

. -Interpretación de blues usando acordes de 7^a, 9^a e 13^a. Improvisación sobre a súa estrutura harmónica.

-Realización ao piano, de baixos cifrados usando os enlaces tradicionais. Acordes de todo tipo de sétimas sobre todos os graos.

-Creación, desenvolvemento e interpretación de frases melódicas a partir dun motivo, nun ámbito tonal dentro dunha Estrutura Harmónica.

Terceira Avaliación

-Coñecemento claro, rápido e seguro dos intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades Maiores e menores.

-Coñecemento de todo tipo de acordes no teclado.

-Realización ao piano, de fórmulas acompañantes como soporte dunha melodía dada, usando o cifrado Americano. Interpretación de guións, tocando melodía e harmonía acompañante á vez. Uso de acordes con 7^a, 9^a, 11^a e 13^a. Improvisación sobre a súa estrutura harmónica utilizando as escalas apropiadas. Dúas pezas máis, escritas co cifrado Americano e os acordes citados.

-Interpretación de blues usando acordes de 7^a, 9^a e 13^a. Improvisación sobre a súa estrutura harmónica. Uso de todo tipo de escalas.

-Realización ao piano, de baixos cifrados usando os enlaces tradicionais. Acordes de todo tipo de sétimas sobre todos os graos.

-Creación de pequenas pezas directamente no teclado, tendo como punto de partida un motivo dado.

8.5.2. Mínimos esixibles

-Coñecemento claro, rápido e seguro dos intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades Maiores e menores.

-Coñecemento claro, rápido e seguro de todo tipo de acordes no teclado.

-Realización de baixos cifrados a vista usando os enlaces tradicionais. Acordes con todo tipo de sétimas sobre todos os graos, tanto en Estado Fundamental como invertidos.. Deben facer continuidade rítmica, sen paradas non pertinentes.

-Repentización ao piano, de acompañamentos como soporte dunha melodía dada, usando o cifrado Americano. Interpretación de guións, tocando melodía e harmonía acompañante á vez utilizando en M.I. combinacións de Fundamental-5ª, Fundamental 3ª e Fundamental-7ª.. Uso de acordes con 7ª, 9ª, 11ª e 13ª. Improvisación sobre a súa estrutura harmónica utilizando as escalas apropiadas. Todo iso, a vista, cun tempo mínimo de preparación mental que non incluíra en ningún caso o uso do piano. Deben tocarse con continuidade rítmica, sen paradas non pertinentes.

-Interpretación de blues usando acordes de 7ª, 9ª e 13ª. Improvisación sobre a súa estrutura harmónica. Uso de todo tipo de escalas. Deben tocarse con continuidade rítmica, sen paradas non pertinentes.

-Creación de pequenas pezas directamente no teclado tendo como punto de partida un motivo dado. Deben mostrarse diversas posibilidades, usar o material harmónico e rítmico visto durante o curso (inversión, dominantes secundarias, cadencias) e ser tocadas con continuidade rítmica, sen paradas non pertinentes.

8.5.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

-Na avaliación tomaranse en conta a asistencia, o rendemento e a participación na clase.

Poderá estar complementada por algunhas probas na aula. De elas,la que se refire a intervállica e armaduras das tonalidades, será eliminatorio, é dicir, que se non se supera, non se aproba a Avaliación correspondente. Poderá ser oral ou escrita e realizarse en calquera momento do curso. En caso de ser escrita, consistirá nun

exercicio con 10 intervalos e 10 armaduras, deberá estar totalmente correcta e o alumno disporá de dous minutos para realizala. Tamén será condición imprescindible para aprobar, demostrar que se coñecen os acordes tratados durante o curso. O alumno deberá simplemente tocar no piano os acordes que se lle indiquen. Poderá dispoñelos no teclado ao seu gusto e haberá de facelo con rapidez e seguridade, mostrando que os coñece sen titubeos.

Ao final de curso, e con independencia do nivel alcanzado noutras materias da materia, todos os alumnos deberán facer as dúas probas sobre as citadas cuestións de intervállica e armaduras das tonalidades e sobre o coñecemento dos acordes tratados. Pasar estas probas será condición imprescindible para aprobar o curso, aínda que non garantía diso.

8.5.4.Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

-Comprensión real mediante o análise, dos diferentes elementos harmónicos, rítmicos, melódicos e formais que conforman unha peza musical e aplicación dos resultados á creación de fragmentos, acompañamentos ou pezas completas improvisadas --- 100%

8.6.Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzo dos aspectos que precisen mellora.

8.6.1.Procedementos de recuperación ordinarios

-No caso de que o número de faltas dun alumno a clase impidise a súa avaliación ordinaria, poderáselle avaliar por medio dun exame que versará sobre os apartados que acaban de ser sinalados nestes Criterios de Avaliación. Se esta circunstancia se dá a final de curso, o exame poderá incluír materias das tres Avaliacións.

8.6.2.Probas extraordinarias de setembro

-Os alumnos que non aproben en Xuño, teñen dereito a un exame no mes de Setembro. Este exame será realizado na aula polo profesor da materia e versará sobre todos os contidos do curso.

- a) Realización dun exercicio con cuestións de intervállica e tonalidades.
- b) Tocar no piano acordes tríade e todo tipo de acordes de 7^a co obxecto de demostrar que se coñece a súa constitución.
- c) Realización ao piano a catro partes de varios baixos cifrados usando os enlaces de voces tradicionais. Incluirá tríades e todo tipo de sétimas, en Estado Fundamental e inversións.
- d) Interpretación ao piano, tanto do acompañamento só, como da melodía xunto co seu acompañamento, de varias melodías a harmonía das cales estea escrita con cifrado Americano. Incluirá todo tipo de sétimas así como acordes con 9^a, 11^a e 13^a.
Improvisación usando as escalas que correspondan a cada acorde.
- e) Interpretación ao piano dos blues vistos durante o curso. Improvisación sobre a súa estrutura harmónica.
- f) Improvisación dunha pequena peza a partir dun motivo dado.
- g) Análise, lectura e transporte dunha peza pianística acompañante ou non.

EXPLICACIÓN DAS PROBAS

Apartado a) :El alumno disporá de dous minutos para resolver por escrito un exercicio con 10 intervalos e 10 armaduras e deberá contestalos correctamente todos. É dicir, que se as notas do intervalo polo que se lle pregunta forman, por exemplo, unha 5ª xusta, deberá responder que é unha 5ª xusta e se a tonalidade en cuestión ten, poñamos, tres díeses, ha de responder que tres díeses.

Este exercicio terá carácter eliminatorio. Isto quere dicir que se non pasa esta proba, suspendería definitivamente o curso.

Apartado b): O alumno terá que tocar no piano de forma inmediata e sen preparación previa un total de vinte e cinco acordes dos diferentes tipos indicados. Poderá dispoñelos no piano ao seu gusto. Deberá tocalos todos correctamente e sen titubeos. Isto quere dicir que se se lle manda tocar unha acorde de A bemol Maior, debe tocar un acorde de A bemol Maior; se se lle manda tocar un de Fa sostido menor, debe tocar un de Fa sostido menor e así sucesivamente. Este exercicio terá tamén carácter eliminatorio. Isto quere dicir que se non pasa esta proba, suspendería definitivamente o curso.

-Apartado c): O alumno interpretará ao piano a catro voces e cos enlaces harmónicos tradicionais os acordes indicados no baixo dado. Tocaré o propio baixo coa man esquerda e as outra tres voces coa dereita. Deberá aterse a un tempo e tocar con regularidade e continuidade. Disporá de dous minutos de preparación mental antes de tocar. Esta preparación non incluírá en ningún caso o uso do piano.

Os baixos poderán ser escollidos entre os vistos durante o curso ou ben escritos ex-profeso para o exame. Neste segundo caso, ao tratarse dun exercicio a vista, o tempo de preparación estará en función da duración e dificultade do baixo.

-Apartado d). Para esta proba, o alumno utilizará guións con melodía e cifrado e deberá tocar tanto o acompañamento só como a melodía co seu acompañamento. Terá que tocar os acordes que en cada guión aparecen, de modo que, se o acorde indicado é, poñamos, Do menor, deberá tocar o acorde de Do menor e se o guión indica que o

acorde é Mi Mayor, tocará Mi maior. Interpretará as pezas utilizando un deseño rítmico que sirva de acompañamento á melodía e polo tanto, con continuidade rítmica, sen interrupcións nin paradas non indicadas na partitura. Cando acompañe, o xeito de enlazar cada acorde co seguinte seguirá as pautas propias dun acompañamento pianístico, evitando saltos ao pasar dun a outro. Deberá manter o tempo indicado, é dicir, que se se indica que a negra vai a 84 pulsacións por minuto, deberá tocala a 84 pulsacións por minuto. Unha veza peza, improvisará sobre a súa estrutura harmónica utilizando as escalas apropiadas.

Apartado e): O alumno deberá interpretar ao piano, de memoria, o blues vistos durante o curso. Tamén terá que improvisar liñas melódicas sobre a secuencia harmónica usando escalas pentatónicas e a chamada escala de Blues. Deberá aterse ao tempo correspondente e tocar con regularidade e continuidade, sen interrupcións nin paradas non pertinentes. Non poderá usar partitura nin ningún tipo de guión.

-Apartado f): Ao alumno proporcionaráselle un motivo rítmico-melódico e indicárselle unha estrutura formal, que non terá menos de 32 compases. Tras cinco minutos de preparación mental, que non incluírán en ningún caso o uso do piano, deberá tocar a peza requirida. Terá que facelo co tempo que se lle indique e sen que haxa interrupcións, repeticións nin paradas non pertinentes, de modo que haxa continuidade melódica e rítmica.

Apartado g) :El alumno deberá identificar correctamente os acordes da peza, é dicir, que se hai un acorde de La Mayor, deberá dicir que hai un acorde de La Mayor e se o acorde é de Re menor, entón dirá que o acorde é de Re menor. Terá tamén que tocala e transportala ás tonalidades que se lle indique, e todo iso con corrección melódica, harmónica e rítmica, é dicir, que se a partitura pon Mi, Re, Do, deberá tocar Mi, Re, Do e se pon corchea con punto, pois terá que tocar corchea con punto. Terá que facelo respectando o tempo sinalado, ou sexa, que se se indica que a negra vai a 80 pulsacións

por minuto, deberá tocar a peza a 80 pulsacións por minuto. Disporá de dez minutos de preparación mental antes de tocar. Esta preparación non incluírá en ningún caso o uso do piano.

8.7. Recursos didácticos

A materia impártese nunha aula provista de varios pianos eléctricos, tres sintetizadores, ordenador e equipo de audio, ademais de materiais xa tradicionais como partituras, lousa, etc.

Non se utiliza un tratado concreto se non que se seleccionan fragmentos ou contidos de diversas fontes, tanto de libros impresos como sacados de Internet, ademais doutros materiais, feitos polo profesor da materia

9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Ao ser esta unha disciplina cun único profesor e estar encadrada nun Departamento, non con outros profesores da mesma materia, se non con profesores doutras disciplinas, que polo tanto, non teñen se non unha vaga idea do que faise realmente en clase, das cuestións específicas que se estudan e dos métodos de ensino que se utilizan, o seguimento da Programación nas reunións do Departamento, non pasa de charla amigable entre colegas e recae polo tanto a responsabilidade no profesor.

Por esa mesma razón, a confección desta programación (e as das demais do Departamento), non é obra do Departamento en si, tal como - descoñecendo a realidade dos Conservatorios de Música - está lexislado, se non dos profesores das diversas materias.

Os profesores informarán aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución.

Así mesmo, para un bo desenvolvemento da acción tutorial e unha atención individualizada, intentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

10.Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, avaliando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc.

Deben terse en conta as características individuais de cada alumno: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interés na materia, etc.

Comentaranse regularmente os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna.

Trasladaranse á comisión de coordinación pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter o óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado, mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc.; en definitiva, os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón só dunha forma teórica.

ANEXOS

Proba de acceso a Quinto Curso de Grao Profesional

Os alumnos que pretendan ingresar en Quinto Curso de Grao Profesional mediante a chamada "Proba de Acceso", deberán acreditar estar en posesión dos coñecementos e habilidades esixidos en Cuarto Curso. Para iso deberán superar con éxito as probas que se especifican a continuación:

- a) Realización dun exercicio con cuestións de intervállica e tonalidades.
- b) Tocar no piano acordes tríade, de Sétima de Dominante, menores con 7^a e disminuídos con 7^a co obxecto de demostrar que se coñece a súa constitución.
- c) Realización ao piano a catro partes de varios baixos cifrados usando os enlaces de voces tradicionais. Incluirá tríades en Estado Fundamental e inversións. Realización de progresións usando o enlace V7-I.
- d) Creación e desenvolvemento rítmico no teclado de varias estruturas harmónicas de oito compases
- e) Análise, lectura e transporte dunha peza pianística acompañante ou non.

EXPLICACIÓN DAS PROBAS

Apartado a) :El alumno disporá de dous minutos para resolver por escrito un exercicio con 10 intervalos e 10 armaduras e deberá contestalos correctamente todos. É dicir, que se as notas do intervalo polo que se lle pregunta forman, por exemplo, unha 5^a xusta, deberá responder que é unha 5^a xusta e se a tonalidade en cuestión ten, poñamos, tres díeses, ha de responder que tres díeses.

Este exercicio terá carácter eliminatorio. Isto quere dicir que se non o fai correctamente, non superaría a proba no que a esta materia se refire.

Apartado b): O alumno terá que tocar no piano de forma inmediata e sen preparación previa un total de vinte e cinco acordes dos diferentes tipos indicados. Poderá dispoñelos no piano ao seu gusto. Deberá tocalos todos correctamente e sen titubeos. Isto quere dicir que se se lle manda tocar unha acorde de A bemol Maior, debe tocar un acorde de A bemol Maior; se se lle manda tocar un de Fa sostido menor, debe tocar un de Fa sostido menor e así sucesivamente. Este exercicio terá tamén carácter eliminatorio. Isto quere dicir que se non o fai correctamente, non superaría a proba no que a esta materia se refire.

Apartado c): O alumno interpretará ao piano a catro voces e cos enlaces harmónicos tradicionais os acordes indicados no baixo dado. Tocaré o propio baixo coa man esquerda e as outras tres voces coa dereita. Deberá averse a un tempo e tocar con regularidade e continuidade. Disporá dun tempo de preparación que estará en función da lonxitude e dificultade do baixo. Esta preparación non incluírá en ningún caso o uso do piano.

Así mesmo, terá que tocar unha progresión en círculo de quintas, usando o enlace V7-I a catro voces en Estado Fundamental, nas posicións e co ritmo que se lle indique. Ao igual que no Baixo cifrado, deberá averse a un tempo e tocar con regularidade e continuidade

Apartado d): O alumno deberá desenvolver rítmicamente varias estruturas harmónicas (unhas propostas por el mesmo e outras polo profesor) no piano, utilizando o tipo de compás, tempo, carácter e tonalidades que se lle indiquen. Deberá facelo sen interrupcións, paradas nin repeticións non pertinentes. Disporá de dous minutos de preparación mental que non incluírán en ningún caso o uso do piano.

Apartado e): El alumno deberá identificar correctamente os acordes da peza, é dicir, que se hai unha acorde de La Mayor, deberá dicir que hai un acorde de La Mayor e se o acorde é de Re menor, entón dirá que o acorde é de Re menor. Terá tamén que tocala e transportala ás tonalidades que se lle indique, e todo iso con corrección melódica, harmónica e rítmica, é dicir, que se a partitura pon Mi, Re, Do, deberá tocar Mi, Re, Do e se pon corchea con punto, pois terá que tocar corchea con punto. Terá que facelo respectando o tempo sinalado, ou sexa, que se se indica que a negra vai a 80 pulsacións por minuto, deberá tocar a peza a 80 pulsacións por minuto. Disporá de dez minutos de preparación mental antes de tocar. Esta preparación non incluírá en ningún caso o uso do piano.

Proba de acceso a Sexto Curso de Grao Profesional

Os alumnos que pretendan ingresar en Sexto Curso de Grao Profesional mediante a chamada "Proba de Acceso", deberán acreditar estar en posesión dos coñecementos e habilidades esixidos en Quinto Curso. Para iso deberán superar con éxito as probas que se especifican a continuación:

- a) Realización dun exercicio con cuestións de intervállica e tonalidades.
- b) Tocar no piano acordes tríade e todo tipo de acordes con 7^a, co obxecto de demostrar que se coñece a súa constitución.
- c) Realización ao piano a catro partes de varios baixos cifrados usando os enlaces de voces tradicionais. Incluirán tríades e acordes de Dominante con 7^a en Estado Fundamental e inversións.
Realización de progresións usando o enlace V7-I.
- d) Interpretación ao piano, tanto do acompañamento só, como da melodía xunto co seu acompañamento, de varias melodías, a harmonía das cales estea escrita con Cifrado Americano. Incluirá tríades e todo tipo de acordes con 7^a
- e) Interpretación de varios Blues para piano só. Improvisación sobre a súa estrutura harmónica.
- f) Creación e desenvolvemento rítmico no teclado de varias estruturas harmónicas de oito compases usando inversións, retardos, apoyaturas e dominantes secundarias.
- g) Análise, lectura e transporte dunha peza pianística acompañante ou non

EXPLICACIÓN DAS PROBAS

Apartado a) :El alumno disporá de dous minutos para resolver por escrito un exercicio con 10 intervalos e 10 armaduras e deberá contestalos correctamente todos. É dicir, que se as notas do intervalo polo que se lle pregunta forman, por exemplo, unha 5^a xusta, deberá responder que é unha 5^a xusta e se a tonalidade en cuestión ten, poñamos, tres díeses, ha de responder que tres díeses.

Este exercicio terá carácter eliminatorio. Isto quere dicir que se non o fai correctamente, non superará a proba no que a esta materia se refire.

Apartado b): O alumno terá que tocar no piano de forma inmediata e sen preparación previa un total de vinte e cinco acordes dos diferentes tipos indicados. Poderá dispoñelos no piano ao seu gusto. Deberá tocalos todos correctamente e sen titubeos. Isto quere dicir que se se lle manda tocar unha acorde de A bemol Maior, debe tocar un acorde de A bemol Maior; se se lle manda tocar un de Fa sostido menor, debe tocar un de Fa sostido menor e así sucesivamente. Este exercicio terá tamén carácter eliminatorio. Isto quere dicir que se non o fai correctamente, non superará a proba no que a esta materia se refire.

Apartado c): O alumno interpretará ao piano a catro voces e cos enlaces harmónicos tradicionais os acordes indicados no baixo dado. Tocaré o propio baixo coa man esquerda e as outras tres voces coa dereita. Deberá averse a un tempo e tocar con regularidade e continuidade. Disporá dun tempo de preparación que estará en función da lonxitude e dificultade do baixo. Esta preparación non incluírá en ningún caso o uso do piano.

Apartado d). Para esta proba, o alumno utilizará guións con melodía e cifrado e deberá tocar tanto o acompañamento só como a melodía co seu acompañamento. Terá que tocar os acordes que en cada guión aparezan, de modo que, se o acorde indicado é, poñamos, Do menor, deberá tocar o acorde de Do menor e se o guión indica que o acorde é Mi Mayor, tocará Mi maior. Interpretará as pezas utilizando un deseño rítmico que sirva de acompañamento á melodía e polo tanto, con continuidade rítmica, sen interrupcións nin paradas non indicadas na partitura. Cando acompañe, o xeito de enlazar cada acorde co seguinte seguirá as pautas propias dun acompañamento pianístico, evitando saltos ao pasar dun a outro. Deberá manter o tempo indicado, é dicir, que se se indica que a negra vai a 84 pulsacións por minuto, deberá tocala a 84 pulsacións por minuto

Apartado e): O alumno deberá interpretar varios blues escritos para piano só. Tamén terá que improvisar liñas melódicas sobre a súa estrutura harmónica usando escalas pentatónicas e a chamada escala de Blues.

Terá que aterse ao tempo correspondente e tocar con regularidade e continuidade, sen interrupcións nin paradas non pertinentes.

Apartado f): O alumno deberá desenvolver varias estruturas harmónicas (unhas propostas por él mesmo e outras polo profesor) no piano utilizando o tipo de compás, tempo, carácter e tonalidades que se lle indiquen. Deberá facelo sen interrupcións, paradas nin repeticións non pertinentes. Poderáselle pedir que as modifique por medio de inversións, retardos, apoyaturas e dominantes secundarias. Disporá de dous minutos de preparación mental que nincluirá en ún caso o uso do piano.

Apartado g): O alumno deberá identificar correctamente os acordes da peza, é dicir, que se hai unha acorde de La Mayor, deberá dicir que hai un acorde de La Mayor e se o acorde é de Re menor, entón dirá que o acorde é de Re menor. Terá tamén que tocala e transportala ás tonalidades que se lle indique, e todo iso con corrección melódica, harmónica e rítmica, é dicir, que se a partitura pon Mi, Re, Do, deberá tocar Mi, Re, Do e se pon corchea con punto, pois terá que tocar corchea con punto. Terá que facelo respectando o tempo sinalado, ou sexa, que se se indica que a negra vai a 80 pulsacións por minuto, deberá tocar a peza a 80 pulsacións por minuto. Disporá de dez minutos de preparación mental antes de tocar. Esta preparación non incluirá en ningún caso o uso do piano.